

Vilamaior e Baroncelle

Administración ou demarcación territorial da diocese, dependente do cabido da catedral de Mondoñedo, que desapareceu en 1855. A súa denominación inicial de administración de Vilamaior tomouna de Santa María de Vilamaior, nome que designou a igrexa de Mondoñedo ata o século XVI. A mediados dese século coñecía-se como administración de Vilamaior e Baroncelle e en adiante, e ata o momento da súa extinción, só co nome de administración de Baroncelle.

A fins do século XV a administración de Vilamaior comprendía a parroquia de Baroncelle, no concello de Abadín, e as mindonienses actuais de Santiago de Mondoñedo, O Carme, Os Remedios, San Vicente de Trigás (que daquela aínda formaban unha única parroquia), Masma, Viloalle e Vilamor.

Trala desagregación das parroquias de Mondoñedo e Viloalle, que fican fóra de calquera vigairía, a mediados do século XIX constituían a administración de Baroncelle a freguesía homónima e a de Aldixe, no concello de Abadín, e as de Masma, A Couboeira e Vilamor, no de Mondoñedo.